

DiariodeFerrol.com

O Día das Letras Galegas trae o recordo de Vidal Bolaño en toda Ferrolterra

redacción ferrol- | 17 de Mayo de 2013



o pote, na parroquia fenesa de maniños, acolleu onte unha festa infantil j. meis

Hoxe, Día das Letras Galegas, Ferrol e comarca son un fervedoiro de actividade cultural a prol da lingua de noso e da lembranza ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño.

Hoxe, Día das Letras Galegas, Ferrol e comarca son un fervedoiro de actividade cultural a prol da lingua de noso e da lembranza ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño. Así, en Ferrol, a Agrupación de Asociacións de Veciños da Zona Rural centra no local da AVV de Mandiá os actos institucionais, abertos a todo o público. Ás 17.00 horas comezará cun recordo para Vidal Bolaño a cargo dos nenos da parroquia. Continuará o grupo teatral de Esmelle Fume, para seguir coa coral Ecos de Chamorro. Ao final falará o alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela, e interpretárase o himno galego.

Así mesmo, a AVV de Caranza celebra ás 20.00 horas no Centro Cívico un encontro de corais coa participación de Armonía e Alecrín. En San Xoán-Bertón haberá unha ofrenda floral na praza de Rosalía ás 12.00 horas. A homenaxe a Vidal Bolaño será a partir das seis da tarde coa actuación das cantareiras Chirindaina e o Toxos, seguido do “crooner” Sito Sedes e un baile con Raúl Armada. Fóra de Ferrol, o Concello que máis se está a destacar na celebración desta data é, sen dúbida, o de Fene. Así, hoxe ás 9.30 horas comeza unha ruta de sendeirismo pola parroquia de Sillobre, con saída da sociedade Agarimo e chegada á unha da tarde. Ás 18.00 horas, o local do CPS de San Valentín acolle unha homenaxe a José Luís Serantes, socio fundador e primeiro presidente do CPS de San Valentín. Ás 19.00 horas no local da Liga de Amigos de Barallobre celébrase un acto con Henrique Sanfiz, actúa o grupo de baile e cantareiras Volvoretas e dúas afeccionadas representan “Leite callado”. Unidade de Fene organiza ás 20.00 horas na igrexa parroquial unha misa polos socios e socias falecidos. A

continuación, ás 21.00 horas, a profesora da USC e crítica Dolores Vilavedra pronuncia no local da entidade fenesa unha conferencia sobre Roberto Vidal Bolaño. O acto remata coa actuación da rondalla Estrelecer. Finalmente, na parroquia de Maniños o local do Pote acolle ás oito do serán un festival de corais en lembranza de Vidal Bolaño e Rosalía de Castro coa participación das corais polifónicas de Cospeito, o Pote e Eterna Xuventude.

Na sociedade cultural Areosa de Piñeiros celébrase un maratón de lectura entre as 11.00 e as 18.00 horas, coa clausura a cargo das cantareiras de Terra de Trasancos do Val.

Na Asociación de Amigos da Paisaxe Galega do Seixo, ás 19.30 horas ten lugar unha mesa redonda sobre o aviador Piñeiro con Guillermo Escrigas, Bernardo Máiz e Jorge Gómez. A continuación recita poemas Manuel Basoa e actuará a clarinetista Uxía Oña.

En Pontedeume entregáranse os premios do Concurso de Contos, ás 12.30 horas no Concello e actuará o grupo folclórico Orballo. Nos locais sociais de Andrade, Ombre e Centroña (de doce a dúas) e nos xardíns de Lombardero (de cinco a oito) está prevista unha xornada adicada aos xogos populares.

Na Casa da Cultura de Cariño haberá un festival ás 18.00 horas coas actuacións da Agrupación de teatro Metamorfose, a Rondalla de Cariño, a Escola de Música M^a Luísa Novo e os grupos de baile Bolboretas e Treboada da asociación San Xiao do Trebo. Tamén a asociación cultural A Frouxeira de Valdoviño celebra o Día das Letras na Casa da Cultura a partir das 19.30 horas coa participación do grupo Diapasón de Ferrol e o conxunto local Los Nostálgicos.

Por último, en Neda a Casa da Cultura acolle ás 20.30 horas a representación de “Mackie o Navallas” (“A ópera do patacón”, de Bretcht e Weill en versión do propio Vidal Bolaño) a cargo de Bartoleta Teatro.

Puede ver este artículo en la siguiente dirección <http://www.diariodeferrrol.com/articulo/ferrol/o-dia-das-letras-galegas-trae-o-recordo-de-vidal-bolano-en-toda-ferrolterra/20130517000718045893.html>

DiariodeFerrol.com

© 2012 Diario de Ferrol

Copyright © 2012 Noticias de Ferrol, Galicia, España y del mundo - Diario de Ferrol. Todos los derechos reservados. Diseño y Adaptación: Openhost - www.openhost.com